

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL

CURSO: 2019-2020

MATERIA: INGLÉS

DEPARTAMENTO: INGLÉS

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer o vocabulario dos temas traballados (saúdos, escola, información persoal, familia, países e nacionalidades, descrición de persoas e lugares, rutinas, deportes e actividades de lecer)	Coñece e emprega vocabulario específico dos temas estudados.
Intercambiar información e opinar sobre os temas estudados de maneira sinxela.	É capaz de intercambiar información e expresar a súa opinión de maneira moi sinxela.
Facer exercicios gramaticais sinxelos (verbo <i>to be</i> , verbo <i>have got</i> , pronomes e adxectivos posesivos, presente simple, presente continuo, pasado simple).	Resolve exercicios gramaticais sinxelos sobre as estruturas estudadas con razoable corrección.
Identificar palabras clave e a información esencial de textos escritos sobre temas específicos.	Identifica palabras clave e información máis relevante en textos escritos adaptados ao nivel.
Comprender o esencial de textos orais sobre temas específicos.	Comprende a información esencial de textos orais axeitados ao nivel.
Producir textos escritos sinxelos, empregando o vocabulario e estruturas estudados.	Escribe textos sinxelos con razoable corrección.

2º ESO

Coñecer o vocabulario dos temas traballados (tarefas domésticas, partes da casa, medio ambiente, preposicións de movemento e lugar)	Coñece e emprega vocabulario específico dos temas estudados.
Intercambiar información e opinar sobre os temas estudados de maneira sinxela.	É capaz de intercambiar información e expresar a súa opinión de maneira sinxela.

Facer exercicios gramaticais sinxelos (presente simple, presente continuo, pasado simple, pasado continuo, presente perfecto).	Resolve exercicios gramaticais sinxelos sobre as estruturas estudadas con razoable corrección.
Identificar a información esencial de textos escritos sobre temas específicos	Identifica información esencial en textos escritos adaptados ao nivel.
Comprender textos orais sobre temas específicos.	Comprende información de textos orais axeitados ao nivel.
Producir textos escritos sinxelos, empregando o vocabulario e estruturas estudados.	Escribe textos con razoable corrección.
3º ESO	
Coñecer o vocabulario dos temas traballados (sentimentos e emocións, vacacións, comidas, personalidade, cine e literatura, compras, actividades de lecer, phrasal verbs, tecnoloxía).	Coñece e emprega vocabulario específico dos temas estudados.
Intercambiar información e opinar sobre temas estudados e habituais.	É capaz de intercambiar información e expresar a súa opinión.
Facer exercicios gramaticais (presente simple e continuo, pasado simple e continuo, comparativos e superlativos, verbos modais simples, cuantificadores <i>too</i> e <i>enough</i> e presente perfecto).	Resolve exercicios gramaticais sobre as estruturas estudadas con razoable corrección.
Identificar información esencial e específica de textos escritos sobre temas coñecidos ou do seu interese.	Identifica información esencial e específica en textos escritos adaptados ao nivel.
Comprender o esencial e algúns detalles de textos orais sobre temas coñecidos ou do seu interese.	Comprende a información esencial e algúns detalles de textos orais axeitados ao nivel.
Producir textos escritos empregando o vocabulario e estruturas estudados con razoable corrección.	Escribe textos con razoable corrección.

4º ESO	
Coñecer o vocabulario dos temas traballados (descrición de lugares, destrezas e habilidades, supervivencia, adxectivos extremos, plans de futuro, phrasal verbs, comunicación non verbal, inventos).	Coñece e emprega vocabulario específico dos temas estudados.
Intercambiar información e opinar sobre temas estudados e habituais.	É capaz de intercambiar información e expresar a súa opinión.
Facer exercicios gramaticais (repaso de tempos verbais, condicionais dos tres tipos, pasivas, verbos modais simples).	Resolve exercicios gramaticais sobre as estruturas estudadas con razoable corrección.
Identificar información esencial e específica de textos escritos sobre temas coñecidos ou do seu interese.	Identifica información esencial e específica en textos escritos adaptados ao nivel.
Comprender a idea principal e detalles de textos orais sobre temas coñecidos ou do seu interese.	Comprende a idea principal e detalles de textos orais axeitados ao nivel.
Producir textos escritos empregando o vocabulario e estruturas estudados con razoable corrección.	Escribe textos con razoable corrección.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: A avaliación da materia é continua, polo que se terá en conta o traballo e esforzo realizado durante todo o curso. No caso do terceiro trimestre, terase en conta o traballo realizado a distancia polo alumnado só cando supoña unha avaliación positiva, é dicir, cando sirva para subir nota ou recuperar materia.
	Instrumentos: O principal instrumento para avaliar este terceiro trimestre será o traballo entregado polo alumnado a través das canles e plataformas establecidas. Para realizar unha avaliación obxectiva deste traballo, empregarase unha rúbrica. En principio, non se contempla a realización de probas en liña e tampouco de recuperación; considerarase que o alumnado que supera a materia é aquel que acada un resultado positivo na cualificación final.
Cualificación final	A cualificación final do curso calcularase facendo unha media ponderada na que a nota da primeira avaliación contará un 40% e a da segunda avaliación un 60%. A maiores, poderán subirse ata dous puntos tendo en conta o traballo realizado durante o terceiro trimestre (a distancia).
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria de setembro realizarase, de ser posible, de maneira presencial. Nesta proba serán avaliados os mesmos contidos mínimos que se tiveron en conta para a avaliación ordinaria do curso, é dicir, os traballados durante a parte presencial do curso no primeiro e segundo trimestres.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Para considerar que o alumnado recupere a materia do curso anterior, debe demostrar que ten un coñecemento mínimo e dominio razoable dos contidos, estándares e competencias traballadas o curso anterior, prestando especial atención ás estruturas léxico-semánticas (gramática e vocabulario).
	Criterios de cualificación: A cualificación final será o resultado de calcular a media das notas do primeiro e segundo trimestre e a nota do boletín de actividades do terceiro trimestre.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: O sistema de recuperación da materia pendente do terceiro trimestre consistirá na realización e entrega dun boletín de actividades. Este boletín será cualificado empregando unha rúbrica e a nota obtida será a nota do terceiro trimestre. A data límite de entrega do boletín será o 5 de xuño de 2020.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas poden dividirse en dúas liñas xerais:</p> <p>Por unha banda, proporcionaranse actividades de reforzo e repaso dos contidos estudados nos dous primeiros trimestres. Estas actividades están principalmente enfocadas ao alumnado que teña baixas cualificacións nos dous primeiros trimestres ou que precise repasar eses contidos xa traballados, coa fin de acadar os estándares mínimos establecidos para o curso correspondente.</p> <p>Por outra banda, tamén se proporán actividades de ampliación, especialmente enfocadas ao alumnado que xa ten acadados eses estándares e está interesado en continuar o seu proceso de aprendizaxe con novos contidos e competencias.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A metodoloxía xeral proposta polo departamento consiste na realización a distancia (modalidade en liña) dunha serie de actividades de repaso e/ou ampliación cada semana. Estas actividades están creadas coa fin de que o alumnado poida desenvolver diferentes destrezas e competencias , promovendo tamén outros valores como o esforzo e a autonomía.</p> <p>No caso do alumnado con ACI, a metodoloxía será diferente. Este alumnado realizará o seu traballo mediante un caderno de actividades que será impreso no centro e entregado para que o alumno poida continuar o seu proceso de aprendizaxe ao seu ritmo desde casa.</p> <p>No momento de redactar esta adaptación da programación , consta que todo o alumnado ten conexión, polo que, en principio, non é preciso planificar unha metodoloxía específica para traballar sen conectividade (salvo o caso do alumnado con ACI anteriormente explicado).</p>
Materiais e recursos	<p>Cos cursos de 1º e 2º de ESO, traballarase coa plataforma E-Dixgal, como xa se viña facendo durante todo o curso escolar. No caso de 3º e 4º de ESO, traballarase por medio de Google Classroom. A maiores destas dúas plataformas principais, tamén se mantén contacto con alumnado e familias por medio do correo electrónico das profesoras.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Para informar ao alumnado, o profesorado do departamento de inglés empregará as canles de comunicación habituais, principalmente o correo electrónico.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>